



MEMORIA
ECONÓMICA 2024

FEDERACIÓN GALEGA DE XIMNASIA

Memoria do Exercicio Anual terminado o 31 de decembro de 2024

1. Natureza da entidade

A FEDERACIÓN GALEGA DE XIMNASIA, a que se refire a presente memoria, foi constituida no ano 1983 e ten o seu domicilio fiscal na rúa Carlos Maside S/N, na cidade de Ourense. O réxime xurídico establecido no momento da súa constitución foi o de Federación.

A FEDERACIÓN ten como obxecto social promover, dirixir e ordenar, exclusivamente dentro de Galicia, sen prexuízo das competencias concorrentes das distintas administracións públicas, as actividades propias da súa modalidade deportiva, en coordinación con organismos correspondentes da Xunta de Galicia.

Ten adaptados os seus estatutos á Lei 3/2012 de 2 de Abril, Lei Xeral do Deporte de Galicia, e demais disposicións vixentes que lle son de aplicación.

A Federación ten establecidas delegacións provinciais en A Coruña, Lugo e Pontevedra, estando todos os datos contables relativos as mesmas integrados nas presentes Contas Anuais.

2. Bases de presentación das contas anuais

2.1. Imaxe fiel.

As Contas Anuais do exercicio 2024 adxuntas formuláronse a partir dos rexistros contables da Entidade a 31 de decembro de 2024 e nelas aplicáronse as disposicións legais vixentes en materia contable e mostran a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da Federación.

As Contas Anuais do exercicio anterior, foron aprobadas pola Asamblea Xeral Ordinaria, o 10 de Marzo de 2024.

2.2. Principios contables.

Estas Contas Anuais formuláronse polo Órgano de Administración da Federación Galega de Ximnasia de acordo ao marco normativo de información financeira aplicable á Federación, que é o establecido en:

- Código de Comercio e a restante lexislación mercantil.
- Plan Xeral de Contabilidade aprobado polo R.D. 1515/2017.
- Normas de obrigado cumprimento aprobadas polo ICAC (Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas) en desenvolvemento do Plan Xeral de Contabilidade e as súas normas complementarias.
- Adaptación Sectorial do Plan Xeral de Contabilidade ao sector de Federacións Deportivas que se aprobou por Orde do 2 de Febreiro de 1994.

2.3. Aspectos críticos da valoración e estimación da incerteza.

A Federación elaborou as contas anuais do exercicio 2024 baixo o principio de empresa en funcionamento, tendo en consideración a situación do exercicio 2024 e a situación actual do COVID-19, así como os seus posibles efectos na economía en xeral e na entidade en particular, non existindo risco de continuidade na súa actividade.

A Federación elaborou os seus estados financeiros baixo o principio de empresa en funcionamento, sin que exista ningún tipo de risco importante que poida supor cambios significativos no valor dos activos ou pasivos no exercicio seguinte.

Na elaboración das Contas Anuais correspondentes ao exercicio 2024, determináronse estimacións en función da mellor información a 31/12/2024 sobre os feitos analizados. É posible que poidan ter lugar nun futuro acontecementos que obriguen a modificalas nos próximos exercicios, o cal se faría de forma prospectiva, recoñecendo os efectos de dito cambio nas correspondentes Contas Anuais futuras.

2.4. Comparación da información.

As Contas Anuais presentan a efectos comparativos, con cada unha das partidas do balance de situación e da conta de perdas e ganancias, ademais das cifras do exercicio 2024, as correspondentes ao exercicio 2023. Así mesmo, a información contida nesta memoria referida ao exercicio 2024 preséntase, a efectos comparativos coa información do exercicio anterior.

Reclasificación de importes comparativos do exercicio anterior

Non existen reclasificacións significativas de contas no exercicio 2024 respecto ao exercicio anterior.

2.5. Elementos recollidos en varias partidas.

Non existen elementos patrimoniais do Activo ou do Pasivo que figuren en máis dunha partida do Balance.

2.6. Cambios en criterios contables.

Durante o exercicio 2024 non se produciron cambios significativos de criterios contables respecto aos criterios aplicados no exercicio anterior.

2.7. Corrección de erros.

Non se detectaron erros existentes ao peche do exercicio que obriguen a reformular as Contas.

2.8. Importancia relativa

Ao determinar a información a desagregar na presente memoria sobre as diferentes partidas dos estados financeiros e outros asuntos, a Entidade, de acordo co Marco Conceptual do Plan Xeral de Contabilidade, tivo en conta a importancia relativa en relación coas contas anuais do exercicio 2024.

3. Aplicación de resultados

A proposta de aplicación do resultado do exercicio, que ascende a 80.478,86 euros, formulada pola Xunta Directiva da Federación e que se someterá á aprobación da Asamblea Xeral, é a seguinte:

Bases de reparto:	2024	2023
Saldo da conta de perdas e ganancias	80.478,86 €	11022,71 €
Remanente	0,00 €	0,00 €
Reservas voluntarias	0,00 €	0,00 €
TOTAL BASE DE REPARTO	80.478,86 €	11.022,71 €
Aplicación a:	2024	2023
Compensación perdas	0,00 €	0,00 €
Reservas voluntarias	0,00 €	0,00 €
Remanente	80.478,86 €	11.022,71 €
Compensación contra Remanente de exercicios anteriores	0,00 €	0,00 €
TOTAL APLICACIÓN	80.478,86 €	11.022,71 €

4. Normas de rexistro e valoración

4.1. Inmobilizado intanxible.

O inmobilizado intanxible valórase inicialmente polo seu custo, xa sea éste o prezo de adquisición ou o custo de produción.

Despois do recoñecemento inicial, o inmobilizado intanxible valórase polo seu custo, menos a amortización acumulada e, no seu caso, o importe acumulado das correccións por deterioro rexistradas.

Os activos intanxibles son activos de vida útil definida e, polo tanto, se amortizan sistemáticamente en función da vida útil estimada dos mesmos e do seu valor residual. Os métodos e periodos de amortización aplicados son revisados en cada peche de exercicio e, se procede, axustados de forma prospectiva.

No presente exercicio non se recoñeceron “Perdas netas por deterioro” derivadas dos activos intanxibles.

Cando a vida útil de estos activos non se poida estimar de maneira fiable se amortizarán no prazo de dez anos, sen prexuízo dos prazos establecidos nas normas particulares sobre o inmobilizado intanxible.

Ao peche do exercicio 2024, non existen activos intanxibles con vida útil indefinida.

Os elementos do inmobilizado intanxible amortízanse de forma lineal durante a súa vida útil estimada, en función dos seguintes anos de vida útil:

Descrición	Anos vida útil	% Amort.
Aplicacións informáticas	4	25,00%

- Aplicacións informáticas:

Valóranse a prezo de adquisición ou custo de produción, incluíndose neste epígrafe os gastos de desenvolvemento das páxinas web (*sempre que esté prevista a súa utilización durante varios anos*). A vida útil de estos elementos estímase en 4 anos.

4.2. Inmobilizado material.

Valórase ao prezo de adquisición ou custo de produción que inclúe, ademais do importe facturado despois de deducir calquera desconto ou rebaixa no prezo, todos os gastos adicionais e directamente relacionados que se produzan ata a súa posta en funcionamento, como os gastos de transporte, seguros, instalación, montaxe e outros similares.

Tamén se inclúen, como maior importe do inmobilizado, os custos de ampliación, substitución ou renovación que aumenten a vida útil do ben ou a súa capacidade económica, retirando os elementos substituídos ou renovados.

Os gastos periódicos de mantemento, conservación e reparación impútanse a resultados, segundo o principio de devengo, como custo do exercicio no que se incorre.

Se rexistra a perda por deterioro do valor dun elemento do inmobilizado material cando o seu valor neto contable supere o seu importe recuperable, entendendo éste como o maior importe entre o seu valor razoable menos os custos de venda e o seu valor en uso.

Os gastos realizados durante o exercicio con motivo das obras e traballos efectuados pola Entidade, cargaranse nas contas de gastos que correspondan. Os custos de ampliación ou mellora que dan lugar a un alongamento da vida útil dos bens, son incorporados ao activo como maior valor do mesmo. As contas do inmobilizado material en curso, cargaranse polo importe de ditos gastos, con abono á partida de ingresos que recolle os traballos realizados pola Entidade para sí mesma.

A amortización dos elementos do inmobilizado material realízase, dende o momento no que están dispoñibles para a súa posta en funcionamento, de forma lineal durante a súa vida útil estimada, estimando un valor residual nulo, en función dos seguintes anos de vida útil:

Descrición	Anos vida útil	% Amort.
Instalacións e equipos deportivos	9	12,00%
Mobiliario e enseres	10	10,00%
Equipos para procesos de Información	4	25,00%
Outro Inmobilizado	9	12,00%

Os arrendamentos clasifícanse como arrendamentos financeiros sempre que das condicións dos mesmos se deduza que se transferen ao arrendatario sustancialmente os riscos e beneficios inherentes á propiedade do activo obxecto do contrato. Os demais arrendamentos se clasifican como arrendamentos operativos.

Ao peche do exercicio 2024, a Federación non ten arrendamentos financeiros.

A Entidade evalúa ao menos ao peche de cada exercicio se existen indicios de perdas por deterioro de valor do seu inmobilizado material, que reduzan o valor recuperable de ditos activos a un importe inferior ao do seu valor en libros.

O valor recuperable dos activos é o maior entre o seu valor razoable menos os custos de venda e o seu valor en uso.

No caso de que o importe recuperable estimado sexa inferior ao valor neto en libros do activo, rexístrase a correspondente perda por deterioro con cargo á conta de perdas e ganancias, reducindo o valor en libros do activo ao seu importe recuperable.

Unha vez recoñecida a corrección valorativa por deterioro ou a súa reversión, axústanse as amortizacións dos exercicios seguintes considerando o novo valor contable.

Non obstante o anterior, se das circunstancias específicas dos activos se pón de manifesto unha perda de carácter irreversible, ésta se recoñece directamente en perdas procedentes do inmovilizado da conta de perdas e ganancias.

No exercicio 2024 a Federación non rexistrou perdas procedentes do inmovilizado material.

4.3. Inversións Inmobiliarias.

A Entidade clasifica como inversións inmobiliarias aqueles activos non correntes que sexan inmobles e que posúe para obter rentas, plusvalías ou ambas, ou ben para fins administrativos, ou para a súa venda no curso ordinario das operacións. Así como aqueles terreos e edificios cuxos usos futuros non estén determinados no momento da súa incorporación ao patrimonio da Entidade.

4.4. Permutas.

Nas permutas de carácter comercial, se valora o inmovilizado material recibido polo valor razoable do activo entregado máis as contrapartidas monetarias que foran entregadas a cambio salvo que se teña unha evidencia máis clara do valor razoable do activo recibido e co límite de este último.

Cando a permuta non teña carácter comercial, o inmovilizado material recibido se valora polo valor contable do ben entregado máis, no seu caso, as contrapartidas monetarias que foran entregadas a cambio, co límite, cando esté dispoñible, do valor razoable do inmovilizado recibido se éste fora menor.

Durante o exercicio 2024 non se produciu ningunha permuta, tanto de carácter comercial como non comercial.

4.5. Activos financeiros e pasivos financeiros.

A Federación ten rexistrados no capítulo de instrumentos financeiros, aqueles contratos que dan lugar a un activo financeiro nunha entidade e, simultaneamente, a un pasivo financeiro ou a un instrumento de patrimonio noutra entidade. Considéranse, por tanto instrumentos financeiros, os seguintes:

a) Activos financeiros:

- Efectivo e outros activos líquidos equivalentes.
- Créditos por operacións comerciais: clientes e deudores varios;
- Créditos a terceiros: tales como os préstamos e créditos financeiros concedidos, incluídos os surxidos da venda de activos non correntes;
- Valores representativos de débeda doutras empresas adquiridos: tales como obrigacións, bonos e pagarés;
- Instrumentos de patrimonio doutras empresas adquiridos: accións, participacións en institucións de inversión colectiva e outros instrumentos de patrimonio;
- Derivados con valoración favorable para a empresa: entre outros, futuros, opcións, permutas financeiras e compraventa de moeda estranxeira a prazo;
- Outros activos financeiros: tales como depósitos en entidades de crédito, anticipos e créditos ao persoal, fianzas e depósitos constituídos, dividendos a cobrar e desembolsos esixidos sobre instrumentos de patrimonio propio.

b) Pasivos financeiros:

- Débitos por operacións comerciais: provedores e acredores varios;
- Débedas con entidades de crédito;
- Obrigacións e outros valores negociables emitidos: tales como bonos e pagarés;

- Derivados con valoración desfavorable para a empresa: entre outros, futuros, opcións, permutas financeiras e compraventa de moeda estranxeira a prazo;
- Débedas con características especiais
- Outros pasivos financeiros: débedas con terceiros, tales como os préstamos e créditos financeiros recibidos de persoas ou empresas que non sexan entidades de crédito, incluídos os surtidos na compra de activos non correntes e fianzas e depósitos recibidos..

c) Instrumentos de patrimonio propio: todos os instrumentos financeiros que se inclúen dentro dos fondos propios, tales como acción ordinaria emitidas.

4.5.1. Inversións financeiras a longo e curto prazo

Préstamos e contas por cobrar: rexístranse ao seu coste amortizado, correspondendo ao efectivo entregado, menos as devolucións do principal efectuadas, máis os intereses devengados non cobrados e no caso dos préstamos, e ao valor actual da contraprestación realizada no caso das contas por cobrar.

A Entidade rexistra as correspondentes deterioracións pola diferenza existente entre o importe a recuperar das contas por cobrar e o valor en libros polo que foron rexistradas.

Inversións mantidas ata o seu vencemento: aqueles valores representativos de débeda, cunha data de vencemento fixada, cobros de cantía determinada ou determinable, que se negocien nun mercado activo e que a Entidade teña intención e capacidade de conservar ata o seu vencemento. Contabilízanse ao seu coste amortizado.

Inversións en empresas do grupo, asociadas e multigrupo. A Federación non pertence a ningún grupo, nin está asociada ou ten conexión algunha con outras sociedades, e por tanto non rexistra activos deste tipo.

Inversións dispoñibles para a venda: son o resto de inversións que non entran dentro das categorías anteriores, viñendo a corresponder case na súa totalidade as inversións financeiras en capital, cunha inversión inferior ao 20%. Estás inversións figuran no balance de situación polo seu valor razoable cando é posible determinalo de forma fiable.

4.5.2. Pasivos financeiros

Préstamos, obrigacións e similares: rexístranse inicialmente polo importe recibido, neto de custos incorridos na transacción. Os gastos financeiros, incluídas as primas pagaderas na liquidación ou o reembolso e custos de transacción, contabilízanse na conta de perdas e ganancias segundo o criterio de devengo utilizando o método do interés efectivo.

O importe devengado e non liquidado engádese ao importe en libros do instrumento na medida en que non se liquidan no período en que se producen.

Débitos e contas a pagar: rexístranse inicialmente ao seu custo de mercado e posteriormente son valorados ao custo amortizado utilizando o método da tasa de interese efectivo.

Débedas con empresas do grupo, asociadas e multigrupo: A Federación non pertence a ningún grupo, nin está asociada ou ten conexión algunha con outras sociedades, e por tanto non rexistra pasivos deste tipo.

4.5.3. Instrumentos de patrimonio propios en poder da Federación

A Federación non realizou ningunha transacción cos seus propios instrumentos de patrimonio.

4.6. Existencias.

A Federación non conta con existencias de ningún tipo, e por tanto non figura ningún saldo na partida correspondente do balance (activo corrente).

4.7. Transaccións en moeda extranxeira.

De realizarse operacións en moeda estranxeira, rexistraríanse na moeda funcional da Entidade (euros) aos tipos de cambio vixentes no momento da transacción. Durante o exercicio, as diferenzas que se produciran entre o tipo de cambio contabilizado e o que se atopa en vigor á data de cobro ou de pago, rexistraríanse como resultados financeiros na conta de resultados.

4.8. Impostos sobre beneficios.

A Federación Galega de Ximnasia ten a condición de entidade exenta no Imposto sobre Sociedades (Imposto sobre Beneficios). Segundo a normativa vixente, como os ingresos do exercicio superan os 75.000 euros, está obrigada a presentar o Imposto sobre Sociedades, aínda que a súa cota sexa cero.

4.9. Ingresos e gastos.

Os ingresos e gastos impútanse en función do criterio de devengo con independencia do momento en que se produce a corrente monetaria ou financeira derivada deles.

Non obstante, a Entidade únicamente contabiliza os beneficios á data de peche do exercicio, en tanto que os riscos e perdas previsibles, contabilízanse tan pronto son coñecidos.

Os ingresos pola prestación de servizos se recoñecen polo valor razoable da contrapartida recibida derivada dos mesmos.

4.10. Provisións e continxencias.

As obrigacións existentes á data do balance de situación, surxidas como consecuencia de sucesos pasados dos que poden derivarse prexuízos patrimoniais para a Entidade, cuxo importe e momento de cancelación son indeterminados, rexístranse no balance de situación como provisións polo valor actual do importe máis probable que a Entidade estima que terá que desembolsar para cancelar a obrigación.

A compensación a recibir no momento de liquidar a obrigación, non supón unha minoración do importe da débeda, sen prexuízo do recoñecemento no activo da Entidade do correspondente dereito de cobro, sempre que non existan dúbidas de que dito reembolso será percibido, rexistrándose dito activo por un importe non superior da obrigación rexistrada contablemente.

As únicas provisións que existiron no balance da Federación corresponden ao deterioro do saldo de debedores (provisións por insolvencias de tráfico).

Para o cálculo ou estimación das mesmas obtouse por utilizar o método individualizado, é dicir, dotase unha provisión para cada cliente considerado como de dudoso cobro, polo importe do servizo recibido que ten pendente de aboar.

No método individualizado, primeiro se reclasifica o cliente ou clientes como de dudoso cobro, e posteriormente se recoñece a corrección por deterioro do crédito comercial, sempre e cando se considere a insolvencia como non definitiva. Do contrario, se rexistraría como unha perda definitiva.

4.11. Subvencións, donacións e legados.

As subvencións de capital non reintegrables valóranse polo importe concedido, recoñecéndose inicialmente como ingresos directamente imputados ao patrimonio neto e se imputan a resultados en proporción á depreciación experimentada durante o período polos activos financiados por ditas subvencións, salvo que se trate de activos non depreciables en cuxo caso imputaranse ao resultado do exercicio no que se produza a enaxenación ou baixa en inventario dos mesmos.

Mentres teñan o carácter de subvencións reintegrables contabilízanse como deudas a longo prazo transformables en subvencións.

Cando as subvencións sexan concedidas para financiar gastos específicos imputaranse como ingresos no exercicio en que se devenguen os gastos que están financiando.

4.12. Negocios conxuntos.

No suposto de existir este tipo de operación, a Entidade recoñecería no seu balance e na súa conta de perdas e ganancias a parte proporcional que lle correspondera, en función da porcentaxe de participación, dos activos, pasivos, gastos e ingresos incorridos polo negocio conxunto.

A Federación non realizou ningunha operación deste tipo.

4.13. Criterios empregados en transaccións entre partes vinculadas.

No suposto de existir, as operacións entre empresas do mesmo grupo, con independencia do grado de vinculación, contabilízanse de acordo coas normas xerais. Os elementos obxecto das transaccións realizados contabilízanse no momento inicial polo seu valor razoable. A valoración posterior realízase de acordo co previsto nas normas particulares para as contas que corresponda.

Esta norma de valoración afecta as partes vinculadas especificadas na Norma de elaboración de contas anuais 13ª do Plan Xeral de Contabilidade.

Consideranse partes vinculadas á Sociedade, adicionalmente ás empresas do grupo, asociadas e multigrupo, ás persoas físicas que posúan directa ou indirectamente algunha participación nos dereitos de voto da Sociedade, ou da dominante, de maneira que lles permita exercer unha influencia significativa, así como aos seus familiares próximos, ao persoal clave da Sociedade ou da súa dominante, entre a que se inclúen os Administradores e os Directivos, xunto aos seus familiares próximos.

Así mesmo, teñen a consideración de partes vinculadas, as empresas que compartan algún conselleiro ou directivo coa Sociedade, salvo cando éste non exerza unha influencia significativa nas políticas financeira e de explotación de ambas e, no seu caso, os familiares próximos do representante persoa física do Administrador, persoa xurídica, da Sociedade.

5. Inmovilizado material, intanxible e inversións inmobiliarias

Análise do movemento comparativo do exercicio actual e anterior do inmovilizado material, intanxible e inversións inmobiliarias, así como das amortizacións acumuladas e correccións valorativas por deterioro de valor acumulado (**represéntase en valores absolutos**):

	Inmovilizado intanxible	Inmovilizado material	Inversións inmobiliarias	Total
A) SALDO INICIAL BRUTO, EJERCICIO 2023	2.131,76 €	156.611,01 €	0,00 €	158.742,77 €
(+) Entradas	0,00 €	11.943,53 €	0,00 €	11.943,53 €
(-) Saídas	484,00 €	0,00 €	0,00 €	484,00 €
B) SALDO FINAL BRUTO, EJERCICIO 2023	1.647,76 €	168.554,54 €	0,00 €	170.202,30 €
C) SALDO INICIAL BRUTO, EJERCICIO 2024	1.647,76 €	168.554,54 €	0,00 €	170.202,30 €
(+) Entradas	0,00 €	6.495,73 €	0,00 €	6.495,73 €
(-) Saídas	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
D) SALDO FINAL BRUTO, EJERCICIO 2024	1.647,76 €	175.050,27 €	0,00 €	176.698,03 €
E) AMORTIZACIÓN ACUMULADA, SALDO INICIAL EJERCICIO 2023	1.378,33 €	75.868,28 €	0,00 €	77.246,61 €
(+) Dotación á amortización do exercicio 2023	101,64 €	16.051,28 €	0,00 €	16.152,92 €
(+) Aumentos por adquisicións ou traspasos	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
(-) Disminucións por saídas, baixas, reducións ou traspasos	10,08 €	0,00 €	0,00 €	10,08 €
F) AMORTIZACIÓN ACUMULADA, SALDO FINAL EJERCICIO 2023	1.469,89 €	91.919,56 €	0,00 €	93.389,45 €
G) AMORTIZACIÓN ACUMULADA, SALDO INICIAL EJERCICIO 2024	1.469,89 €	91.919,56 €	0,00 €	93.389,45 €
(+) Dotación á amortización do exercicio 2024	101,64 €	16.669,41 €	0,00 €	16.771,05 €
(+) Aumentos por adquisicións, melloras ou traspasos	0,00 €	253,22 €	0,00 €	253,22 €
(-) Disminucións por saídas, baixas, reducións ou traspasos	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
H) AMORTIZACIÓN ACUMULADA, SALDO FINAL EJERCICIO 2024	1.571,53 €	108.842,19 €	0,00 €	110.413,72 €
I) CORRECCIÓN DE VALOR POR DETERIORO, SALDO INICIAL EJERCICIO 2023	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
(+) Correccións valorativas por deterioro recoñecidas no período	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
(-) Reversión de correccións valorativas por deterioro	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
(-) Disminucións por saídas, baixas, reducións ou traspasos	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
J) CORRECCIÓN DE VALOR POR DETERIORO, SALDO FINAL EJERCICIO 2023	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
K) CORRECCIÓN DE VALOR POR DETERIORO, SALDO INICIAL EJERCICIO 2024	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
(+) Correccións valorativas por deterioro recoñecidas no período	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
(-) Reversión de correccións valorativas por deterioro	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
(-) Disminucións por saídas, baixas, reducións ou traspasos	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
L) CORRECCIÓN DE VALOR POR DETERIORO, SALDO FINAL EJERCICIO 2024	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
M) VALOR NETO CONTABLE FINAL EJERCICIO 2024 (D-H-L)	76,23 €	66.208,08 €	0,00 €	66.284,31 €

5.1. Inmovilizado material

5.1.1. Análise do movemento durante o exercicio de cada partida do Balance incluída neste epígrafe e das súas correspondentes amortizacións acumuladas:

Detalle dos elementos de inmovilizado:

Nº Conta	Denominación	Saldo inicial (01/01/24)	Entradas, altas ou dotacións	Transferencias , melloras ou traspasos (+/-)	Saídas, baixas ou reducións	Saldo final (31/12/24)
210	Terreos e bens naturais	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
211	Construcións	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
212	Instalacións e equipos deportivos	36.162,20 €	0,00 €	1519,31 €	0,00 €	37.681,51 €
213	Maquinaria	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
214	Utilaxe	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
215	Outras instalacións	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
216	Mobiliario	12.800,88 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	12.800,88 €
217	Equipos para procesos de información	16.482,21 €	2.477,82 €	0,00 €	0,00 €	18.960,03 €
218	Elementos de transporte	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
219	Outro inmovilizado material	103.109,25 €	2.498,60 €	0,00 €	0,00 €	105.607,85 €
TOTAL		168.554,54 €	4.976,42 €	1.519,31 €	0,00 €	175.050,27 €

Detalle das amortizacións:

Nº Conta	Denominación	Saldo inicial (01/01/24)	Dotación amortización	Adquisicións, melloras ou trasposos	Saídas, baixas ou reducións	Saldo final (31/12/24)
2810	Amort. acum. terreos e bens naturais	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
2811	Amort. acum. construcións	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
2812	Amort. acum. equipos deportivos	-7.043,71 €	-4.339,46 €	-253,22 €	0,00 €	-11.636,39 €
2813	Amort. acum. maquinaria	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
2814	Amort. acum. utillaxe	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
2815	Amort. acum. outras instalacións	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
2816	Amort. acum. mobiliario	-10.092,33 €	-730,99 €	0,00 €	0,00 €	-10.823,32 €
2817	Amort. acum. equipos proc. información	-10.983,33 €	-2.409,02€	0,00 €	0,00 €	-13.392,35 €
2818	Amort. acum. elem. transporte	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
2819	Amort. acum. outro inmovilizado material	-63.800,19 €	-9.189,94 €	0,00 €	0,00 €	-72.990,13 €
TOTAL		-91.919,56 €	-16.669,41 €	-253,22 €	0,00 €	-108.842,19 €

5.1.2. Arrendamento financeiro do inmovilizado material:

A 31 de decembro de 2024, o epígrafe inmovilizado material do balance de situación adxunto incluía 0 euros correspondentes a bens en réxime de arrendamento financeiro.

5.1.3. Baixas de activos do inmovilizado material:

Durante o exercicio 2024, non se deron de baixa elementos do inmovilizado material de ningunha clase. Non houbo por tanto Perdas procedentes do Inmovilizado Material.

5.1.4. Subvencións recibidas relacionadas co inmovilizado material:

No exercicio 2024 a Federación Galega de Ximnasia non recibiu ningunha subvención para a adquisición de inmovilizado material.

5.1.5. Correccións de valor por deterioro de activos do inmovilizado material:

Durante o exercicio 2024 non houbo ningunha corrección nin reversión de corrección valorativa por deterioro dos elementos de inmovilizado material da Federación.

5.2. Inmovilizado intanxible

5.2.1. Análise do movemento durante o exercicio de cada partida do Balance incluída neste epígrafe e das súas correspondentes amortizacións acumuladas:

Detalle dos elementos de inmovilizado:

Nº Conta	Denominación	Saldo inicial (01/01/24)	Entradas, altas ou dotacións	Transferencias ou traspasos (+/-)	Saídas, baixas ou reducións	Saldo final (31/12/24)
200	Investigación	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
201	Desenvolvemento	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
202	Concesións administrativas	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
203	Propiedade industrial	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
205	Dereitos de traspaso	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
206	Aplicacións informáticas	1.647,76 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	1.647,76 €
209	Anticipos para inmob. Intanxibles	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
TOTAL		1.647,76 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	1.647,76 €

Detalle das amortizacións:

Nº Conta	Denominación	Saldo inicial (01/01/24)	Dotación amortización	Adquisicións ou traspasos	Saídas, baixas ou reducións	Saldo final (31/12/24)
2800	Amort. acum. investigación	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
2801	Amort. acum. desenvolvemento	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
